



# As nosas universidades impartirán o ano vindeiro un mestrado internacional en visión por computador

xoves, 30 de xullo do 2020 / Sonia Pena

O Centro de Investigación TIC (CITIC) da UDC vén de lembrarnos que o vindeiro curso impartirase o novo [Máster Internacional Universitario en Visión por Computador](#) nas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Porto (Portugal). Este mestrado é de especial interese para ampliar a formación e capacidades no ámbito da visión por computador, tan demandado na actualidade por unha chea de sectores grazas aos avances tecnolóxicos no eido da aprendizaxe profunda (*Deep Learning*) e da Intelixencia Artificial en xeral.

Características do mestrado:

- Titulación oficial do EEES en España e Portugal.
- Docencia impartida na Coruña, con vídeo-conferencias desde outras universidades.
- Flexibilidade co formato presencial para compatibilizar co traballo.
- Prácticas en empresas ou centros tecnolóxicos especializados na visión por computador.

Para máis información [cómpre visitar a web específica do mestrado](#). O prazo de inscrición comeza o 19 de agosto e finaliza o 31 de agosto. Máis datos sobre o proceso de preinscrición [na web de Estudos da UDC](#).

No mestrado colaboran, entre outras empresas e entidades, o CITIC, o Centro Tecnolóxico Gradient, Bosch, o Instituto Tecnolóxico de Galicia, o centro AtlantTIC, INESTEC, OESIA, o CITIUS, Aimen, Bahía ou Imatia.



0 comentarios

Ordenar por:

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE

dinahos  
hospeda este esp

#acultu

galicia Xacobeo



citic

BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



• A Amtega presenta programa formativo para facilitar a immedas pemes  
• Contas anuais 2019  
• Iniciación ó Correo

Gali  
un terr  
para in

Xacobeo 2021